1° e 2° ESO

A esfera do reloxo

Divide o círculo do reloxo en seis partes, da forma que queiras, pero coa condición de que en cada parte a suma dos números sexa a mesma.



3° ESO, 4° ESO, FPB e CM

As cifras que faltan

Na seguinte multiplicación máis da metade das cifras están substituídas por asteriscos:

$$
\begin{array}{cccccc}
 & & & * & 1 & * \\
 & & \times & 3 & * & 2 \\
\hline
 & & & * & 3 & * \\
 & 3 & * & 2 & * & \\
* & 2 & * & 5 & & \\
\hline
1 & * & 8 & * & 3 & 0
\end{array}
$$

Poderías repoñer as cifras que faltan?

Bacharelato e CS

As naves e o alieníxena

Dúas naves espaciais viaxan en sentidos opostos, achegándose entre si en liña recta. Xusto cando se atopan a 20 000 km de distancia a unha da outra, un alieníxena parte da primeira nave en dirección á segunda, realizando viaxes entre as dúas naves ata o momento no que estas se atopan. Se as naves viaxan a unha velocidade constante de 10 000 km/h e o alieníxena a 15 000 km/h, cal é a distancia total recorrida polo alieníxena?